XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO I-C

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL GALEUROPA: AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS	**BS324C**	**SOLICITUDE**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL | NIF

TIPO | NOME DA VÍA | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Entidade solicitante ◯ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

TIPO DE ENTIDADE

◯ CONCELLO ◯ ENTIDADE RESULTANTE DA FUSIÓN DE MUNICIPIOS ◯ AGRUPACIÓN DE CONCELLOS ◯ MANCOMUNIDADE

NO CASO DE MANCOMUNIDADES, AGRUPACIÓN DE CONCELLOS OU SOLICITUDES CONXUNTAS, indicar os concellos participantes

ENTIDADE LOCAL	NIF

CONCELLO QUE ACTÚA COMO REPRESENTANTE

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou concederánselle outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Que se compromete a dispor dos seguros médicos, de accidentes e de responsabilidade civil necesarios para dar cobertura ás persoas participantes nas mobilidades durante o período de duración das mobilidades, desde o día da viaxe de ida ata o día de volta, incluído.
8. Que se compromete a comunicar ao órgano que concede a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidos como entidade beneficiaria e, de ser o caso, a obtención doutras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas con este programa. Así mesmo, comunicará as modificacións substanciais do proxecto obxecto de subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos/as beneficiarios/as.
9. Que, no caso de ser entidade beneficiaria, se compromete a cumprir todas as obrigas establecidas nos artigos 25, 38 e 39 da orde.
10. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Certificado do/da secretario/a ou secretaria que recolla o acordo do órgano competente de solicitude da subvención e se nomee unha persoa representante, se procede.

☐ Certificación do/a secretario/a da entidade local de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio.

☐ Anexo II co proxecto de mobilidade.

☐ Anexo IV, se procede.

☐ Certificación da persoa representante da entidade, na cal consten os nomes das persoas designadas para levar a cabo o proxecto de mobilidade, con indicación das funcións que desempeñarán como responsable do proxecto e/ou como mentor. Constará tamén a súa titulación axeitada e/ou experiencia mínima dun ano no ámbito da mocidade ou emprego, así como a xornada que realizará (número de horas semanais) e o período de tempo durante o cal realizará as súas tarefas. A certificación deberá estar asinada pola persoa representante da entidade e tamén polas persoas designadas ou adscritas ao proxecto de mobilidade, no caso de desenvolver o proxecto con medios humanos da entidade.

☐ Acordo/s de colaboración bilateral con entidades europeas para a acollida de mobilidades transnacionais, se proceden, asinados por ambas as partes.

☐ Certificación da persoa representante da entidade onde conste a relación de proxectos específicos xestionados cuxos participantes fosen mozos e mozas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, se procede. A certificación debe indicar nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.

☐ Certificación da persoa representante da entidade onde conste que na data de presentación do proxecto de mobilidade a entidade está a xestionar un/s proxecto/s específico/s cuxos participantes son mozos e mozas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, se procede. A certificación debe indicar nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.

☐ Certificación da persoa representante da entidade onde conste a relación de proxectos específicos xestionados cuxos participantes fosen mozos e mozas en situación de risco de exclusión social, se procede. A certificación debe indicar nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.

☐ Certificación da persoa representante da entidade onde conste que na data de presentación do proxecto de mobilidade a entidade está a xestionar un/s proxecto/s específico/s cuxos participantes son mozos e mozas en situación de risco de exclusión social, se procede. A certificación debe indicar nome do proxecto, ano ou anos de execución e entidade/organismo convocante.

No caso de entidades locais que presenten a solicitude mediante a fórmula de mancomunidade ou agrupación de concellos, deberán presentar ademais:

☐ Documento onde se acorde a colaboración dos concellos no mesmo proxecto, no cal se incluirá o nomeamento da persoa que actuará como representante.

☐ Certificado dos/das secretarios/as dos acordos do pleno ou da xunta de goberno en que autorizan o concello a que actúe como representante de todos eles para a petición da subvención.

☐ Anexo VIII, cuberto obrigatoriamente por cada un dos representantes dos concellos que colaboran no proxecto.

☐ De ser o caso, a memoria de aforro de custos que se consegue coa presentación conxunta respecto da individual.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade solicitante.	☐
DNI/NIE da persoa representante.	☐
NIF da entidade representante, cando o representante sexa unha persoa xurídica.	☐
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	☐
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.	☐
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións destinadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____